

SERVIZOS DE CENTRO 23-24

Estimadas familias:

A continuación, deixámosvos a información sobre os distintos servizos de centro para este curso:

- [COMEDOR](#)
- [AULA MATINAL](#)
- [ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES](#)
- [TALLERES DE INFANTIL Y PRIMARIA](#)
- [BIBLIOTECA](#)

A información sobre estes servizos, recollida neste documento, é para os meses de **outubro de 2023 a maio de 2024**. No caso de comedor e aula matinal é relativa a todo o curso.

A **inscrición** para estes servizos realizarase **a través do enlace facilitado no anuncio dos servizos ata o día 18 de setembro de 2023**.

A continuación, detallamos a información para cada un dos servizos.

AULA MATINAL

- O aula matinal funcionará de **07:45 a 09:15h** para as etapas de infantil e primaria.
- O **aforo estará limitado** á capacidade da aula.
- Pódese reservar por **días soltos**.
- O **acceso** ao aula matinal será de **07:45 a 09:00h**. **Despois desa hora esperarase ata a entrada normal de cada etapa**.
- Para acceder ao aula matinal farase **pola porta oeste** (saída dende a sala de xogos).
- **O alumnado non pode entrar so no recinto** do colexio, sendo preciso que un adulto da unidade familiar o acompañe ata a porta de acceso.
- **Esperarase na porta** e soamente accederá o alumnado ao aula.
- **Prezos do servizo:**

Franja horaria	Mes completo	Día Suelto
07.45 A 09.15 HORAS	45€	4.50€
08.15 A 09.15 HORAS	40€	4€
07.45 A 08.30 HORAS	30€	3€

- Non se reducirá o prezo do mes completo salvo que, por causa xustificada, sexan máis os días que non se acudiu ao centro que os que si acudise.
- Non se cobrará por días soltos máis do prezo do mes completo.
- Para anular ou reservar un día solto pódese enviar un correo electrónico a recepcion@maristastui.org ou chamar ao teléfono do centro.
- **Criterios para a asignación de prazas**, no caso de que as solicitudes superen a capacidade da aula:

- Terá prioridade o alumnado que precise o servizo maior número de días á semana.
- Terán prioridade as familias con maior número de fillos/as que precisen do servizo.

COMEDOR

- O servizo de comedor funcionará **dende a saída de clase ao medio día ata as 16:00h.**
- No caso de haber máis solicitudes que capacidade no comedor, faríanse quendas.
- Pódese reservar por **días soltos, avisando sempre o día anterior antes das 15:30h** chamando por teléfono ao centro ou a través do correo electrónico recepcion@maristastui.org.
- No caso de infantil é preciso o uso dun mandilón.
- **Prezos do servizo:**
 - Mes completo: 122€/mes
 - Días soltos: 8 €/día
- **Condições do servizo:**
 - Descontaranse os días anulados de comedor a partir de 5 días do mes nos que non se utilizara o servizo.
 - De 5 a 9 días se descontan 30€
 - De 10 a 14 días se descontan 45€
 - A partir de 15 días, consultar segundo o caso.
 - A anulación sistemática de días de comedor durante dous ou máis meses sen xustificación por causa de forza maior, suporá a anulación do prezo mensual calculado polo uso de curso completo de outubro a maio, pasando a cobrarse por días soltos. O prezo de mes completo é calculado polo uso durante os meses de outubro a maio, por iso o prezo é sempre o mesmo con independencia dos días do mes que houbera servizo de comedor.
 - No caso do/a segundo/a fillo/a haberá unha redución de 4€/mes no prezo do servizo.
 - Nos meses de setembro e xuño cóbrase por días soltos.
 - O servizo inclúe o menú e o persoal de comedor que coida do alumnado.
- Para **anular un día**, é preciso avisar antes das 15:30h do día anterior. Pódese enviar un correo electrónico a recepcion@maristastui.org ou chamar ao teléfono do centro.
- **A recollida do alumnado será no entorno do pavillón ás 16:00h.**
- **Nos meses de setembro e xuño non se da por suposto o uso do comedor, polo que é preciso a confirmación do uso do mesmo avisando con anterioridade á recepción do centro. No caso do mes de setembro haberá un enlace dispoñible para inscribir ao longo do verán; e no caso do mes de xuño enviarase tamén un formulario no mes de maio.**

TALLERES DE INFANTIL E PRIMARIA

Trátase dun servizo gratuíto ofertado polo centro como medio de conciliación para as familias, dende que o centro ten xornada continua.

- O horario dos talleres é **de 16:00 a 17:00h**.
- Establecerase un único grupo dende 4º El ata 6ºEP, realizando a mesma actividade con distintos niveis adaptados as idades.
- **A entrada do alumnado será polo pavillón do colexio.**
- **A recollida do alumnado será no entorno do pavillón ás 17:00h.**

CRITERIOS DE INSCRIPCIÓN Y PARTICIPACIÓN EN LOS TALLERES

1. Para que un taller levese a cabo, deberá ter un mínimo de 10 alumn@s e un máximo de 25.
2. O profesor/a responsable do taller levará un rexistro das ausencias. A ausencia sistemática ao taller suporá a baixa neste.
3. Para que a maior parte do alumnado poda desfrutar dos talleres, a adxudicación dos miemos farase por orden de inscrición.
4. No caso de que algún taller non saíra adiante por non chega ao nº mínimo de participantes, o alumnado inscrito será atendido polo profesorado na biblioteca ou na aula (ludoteca ou estudo vixiado).
5. Para anotarse aos talleres, farase a través da plataforma de comunicación, no apartado de anuncios, a través dun enlace que se publicará nun anuncio relativo a Servizos do centro.
6. A data de inscrición para os talleres será do 7 de xullo ao 15 de setembro. Na semana do 25 ao 29 de setembro confirmarase ás familias a asistencia dos seus fillos e fillas aos talleres a través do enderezo electrónico co que se faga a inscrición.

OFERTA DE TALLERES

Día	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Taller	Ludoteca	Xogos de mesa	Multideporte	Xadrez	Ludoteca
Aula	Sala de xogos	Sala de xogos	Pabillón	Biblioteca	Sala de Xogos
Responsable/s	Paula e Lucía	Ana e Nuria	Rosa e Sonia	Isabel e Jorge	Begoña e Pachi

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Presentámoslles o programa de *actividades extraescolares* para o curso 2023/2024.

As actividades extraescolares organízanse e xestiónanse polo colexio, que é quen suscribe o contrato de servizos coas entidades encargadas de desenrolar a actividade. Calquera suxestión o queixa dirixirase por escrito a dirección (dirtui@maristascompostela.org). Tamén pode facelo ao “Responsable da actividade” (figura máis abaixo).

NORMAS

- ✓ As normas de conduta das actividades extraescolares rexeranse polas Normas de convivencia do Centro.
- ✓ Todo alumno/a que non poda asistir á súa actividade deberá notificalo e, se é posible, con antelación. Se de forma ocasional o/a alumno/a debe saír antes da hora, comunicarano mediante unha nota asinada polos seus pais ou titores.
- ✓ O alumnado que realice extraescolares será recollido no pavillón polo responsable da actividade e, ao rematar a actividade, entregaranos á súa familia ou persoa autorizada no patio.
- ✓ Os monitores de actividades extraescolares **NON SON RESPONSABLES** dos obxectos persoais perdidos ou esquecidos.

- ✓ A **BAIXA** dun alumno nunha Actividade Extraescolar deberá comunicarse **10 días antes** da finalización do mes previo ao que se desexa abandonar a actividade. Notificarase por escrito, en man, através da plataforma ou vía e-mail, á Dirección do Colexio dirtui@maristascompostela.org.
- ✓ As inscricións nas Actividades Extraescolares son por meses completos. As empresas encargadas das mesmas están autorizadas a cobrar os recibos correspondentes na **1ª semana de cada mes**. Non se realizarán recibos proporcionais a días inferiores a un mes.
- ✓ Se o grupo supera o límite de alumnos, a preferencia a marcará a orden de inscrición.
- ✓ A aceptación destas normas de funcionamento é condición necesaria para a realización das actividades extraescolares e deberá marcarse dita casilla no formulario de inscrición.

ORGANIZACIÓN

- ✓ **Prazo de inscrición:** Finaliza **o 18 de Setembro de 2023**.
- ✓ **Proceso de inscrición:**
 - Enviárase un formulario a través do portal de comunicación para notificar o listado de preinscritos aos responsables das actividades.
- ✓ Cada membro familiar poderase inscribir en tantas actividades como desexe sempre e cando os horarios sexan compatibles. A actividade que non alcance un número mínimo de participantes (indícase en cada actividade) non se realizará.

O centro publicará **entre o 25 e o 29 de setembro** na plataforma de comunicación do centro as actividades que contan cun nº suficiente de participantes. Os alumnos, cuxas actividades non alcancen o número mínimo de inscricións, poderán cambiarse a outra das elixidas ata a 1ª semana de outubro. Para calquera dúbida diríxase á dirección do Centro: 986 60 70 25 ou dirtui@maristascompostela.org

- ✓ **Duración das actividades:** Iníciáanse o 1 de outubro de 2023 e rematan o 31 de maio de 2024 seguindo o calendario escolar do Centro.
- ✓ **Forma de pago:** O importe correspondente facturarase na 1ª semana de cada mes mediante cargo na conta. No caso de recibos devoltos, estes serán abonados.

A oferta de actividades extraescolares para o presente curso é a seguinte:

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
16:00h A 17:00h	Baile moderno (Infantil e primaria)	Multideporte (Infantil)	Taekwondo (Infantil e primaria)	Inglés coloquial (Infantil e primaria)	Patinaxe (Infantil e Primaria)
	Art Attack (Primaria)	Curso de dibujo y cómic (Javier Pereira) PRIMARIA SECUNDARIA	Balonmano (CBTui) PRIMARIA	Cociña (Primaria)	Teatro (Infantil e primaria)

A dirección do centro
Roberto Díez Sancho

Activaledge

Para acceder á información das actividades de Activaledge, podeses abrir o seguinte enlace: [Activaledge-Maristas-Tui-23-24](#)



Balonmán

Dende o CB Tui se oferta a actividade co obxectivo de introducir aos nenos/as na esencia deste deporte. Achegamento dos alumnos a parte teórica das regras de xogo e a disfrutar e familiarizarse con este deporte.



O Club balonmano de Tui é unha entidade sen ánimo de lucro que permite aos habitantes de Tui e arredores disfrutar do seu deporte favorito, o balonmano.

Se fundó no ano 2000 en Tui, unha poboación duns 16.000 habitantes, fronteriza con Portugal, o que permite organizar actividades conxuntas co país veciño.

Quen: alumnado de primaria


Cando: mércores de 16:00h-17:00h.

Importe: gratuito.

Responsable: María Fernández (exalumna do noso centro) 677380222

Curso de debuxo e cómic

O curso de debuxo e cómic está orientado a nenos e nenas a partir de 6 anos. Practicaremos diferentes estilos axeitados a cada idade (kawaii, Chibi, anime) sempre utilizando tutoriais paso a paso.



Crearemos personaxes, aprenderemos a entintar e a utilizar correctamente a cor nos debuxos. A finalidade de todo isto é que os menos e nenas aprendan a debuxar, a plasmar nun papel o que imaxinan, e a divertirse no proceso.

Quen: alumnado de primaria e secundaria

Cando: martes de 16:00h-17:30h.

Importe: 19 €/mes.

Responsable: Javier Pereira 655 97 22 24

BIBLIOTECA

O servizo de biblioteca do centro fora do horario escolar é un servizo gratuïto dentro do que pódese acudir a esta para estudar, facer deberes, ler libros da biblioteca...

O horario de biblioteca polas tardes é o seguinte:

	MARTES	MÉRCORES	XOVES
16:00 a 17:00h	Taller	Alicia	Taller

Tamén hai servizo de préstamo de libros para o alumnado do centro a partir de 3º de primaria, xa que nos anteriores cursos trabállase coas bibliotecas de aula.

Condicións do préstamo de libros:

- O préstamo realízase por 15 días, podendo ampliar este prazo se non hai outro alumno ou alumna que estea esperando polo libro.
- A persoa encargada da biblioteca fará seguimento dos prazos de entrega.
- No caso de que o libro prestado sexa devolto en condicións peores ao momento de préstamo, a familia do alumno ou alumna terá que repoñer o libro ou pagar o coste deste no caso de estar descatalogado.

Condicións para o uso da biblioteca:

- Ao seren un espazo de traballo ou lectura, o volume de ruído na biblioteca debe permitir que o resto do alumnado que acuda poda desenvolver as súas tarefas.
- O material e os libros da biblioteca será coidado con respecto, xa que é un material compartido polo alumnado do centro.
- No caso de que un neno ou nena incumpra reiteradamente as normas da biblioteca, poderá ser privado de forma temporal ou definitiva do uso deste servizo, notificando esta situación á súa familia.